

Un capítulo da novela *A Campaña da Caprecórneca*

Sen dúbida, a novela *A Campaña da Caprecórneca* foi a obra máis sobranceira de Luis Otero Pimentel. Esta obra é unha das principais novelas en galego do século XIX. Reproducimos deseguido o segundo capítulo deste romance.

Contidos:

- OTERO PIMENTEL, Luis: *A Campaña da Caprecórneca*, Vigo: Editorial Galaxia, 1994, p. 37-40.



CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Arquivo da Emigración Galega

LOBOS E MEIGAS

Como soupen por que se parou o meu cabalo, o medo que tiñamos os tres viaxeiros de ser comidos polos lobos, ou levados polas meigas; e como o meu Palomo ganou unha batalla, sin eu saber con que crase de enemigos pelexara.

Galicia ten catro montes moi famosos en lobos e meigas...

*Son o Faro e o Farelo
Pico Sagro e o Bocelo.*

Pero eu sin quitarlle o seu méreto ós que o merecen, direi que:

*Pra brétemas que meten medo
están os montes de Lestedo.*

Cando non morrín naquela negra noite, que, xunto co meu nobre cabalo e co valente canciño, estaba ben perdido nas tebrosas ladeiras de tan triste e muda montaña; xa podo pensar que moito tardarei en morrer.

Si non fora polos lóstregos que, de cando en cando, rachaban aquelas apretadas brétemas, en que os tres viaxeiros estabamos envoltos, sería cousa de temer que aquela profunda e loitosa soedade, fose o limbo dos inocentes neníños que morren sin bautizarse.

Despois de ver eu que o faquiño pensaba que non debíamos andar como tolos de unha parte pra outra, sin saber si adiantabamos ou atrasabamos, co perigo de non saber onde poñíamos os pés; e vendo tamén que o cadelo tiña o mesmo pensamento, pois poñíase diante das miñas pernas, pra que eu non camiñase; tomei o consello que, con máis aloquencia que moitos deputados, me daban os meus, non escerentísimos, pero sí escerentes amigos.

Outro lóstrego, mudo como os primeiros, pero que chegou polo noso frente, alumeou aquela parte do monte, e entón vin ¿que vin? unha ancha faixa de prata, atravesada diante de nosoutros, semellando unha carreteira moi branca e luxosa. Non quedei ben certo do que era, e pra sabelo baixei as maus ó chao, estarriquei o brazo dreito, andei un pouquiño, e cando pensaba sentir nos meus dedos o tento da area e do polvo da brillante carreteira, sentín que a mau se mollaba na auga fresca que, mansiña, corría.

«¡Un río!» –escramei–. «¡Ah! por eso o meu cabaliño se parou...» Por eso o can me decía que non anduvese. ¡Que vista e que entendemento! Saben e ben máis que eu! Sentín non poder verlles a cara, non poder mirar nos seus ollos o espello da alegría tan grande que debeu darlles o espremento que fixen, pra saber a causa da súa parada, que eles non podían espicarme.

Pero esto non me empedeu que lles falase de este modo: «¡Gracias, meus filliños, por este grande servizo! Ti, meu faquiño, si foras outro, co desexo que tes de chegar á túa corte, e sabendo como sabes nadar, meteríaste no río, anque eu me afogase; pero o

cariño que me tes pudo máis que a túa comenencia. Sempre te quixen como si foras meu irmán, pero dende esta noite, heite de querer moito máis. Nunca me dormirei sin darche o penso, e cando vaíamos ás feiras, ou ás romerías, beberás en tódalas fontes e regueiros que atopemos; andarás pouquiño a pouco, baixareime nas costas, descansarás nos soutos, parvearás coa herbiña dos valos e comerás do meu pan».

«A ti, meu cadelíño, non teño que decirche, porque ti xa traballas pouco e comes, bebes e descansas cando queres; pero o meu cariño non che ha de faltar; arrímate ben ós meus pés, que eu me sentarei ó lado do cabalo, pra que si veñen os lobos, nos coman ós tres xuntiños».

Acabei de falar; quedamos todos caladiños, e cando os ollos empezaban a pechárseme, o can ergueuse de súpeto, e saleu correndo polo monte, empezando logo a pelexar non sei con quen. Eu púxenme de pé, arrimeí a espalda ó peito do cabalo, empuñei ben o pau, e berrei: «¡Arriba meu *Palomo!*» «¡Agarra ben *cadelo!*»

O término da pelexa, o enemigo ou quedou morto, ou fuxeu, porque o meu can volveu moi contento pró noso lado, espricando sin mentir, que el había ganado aquela batalla. Entónces eu faleille tanto ou máis do que antes había falado ó cabalo. Era xusto.

Volvín a sentarme no chao, e estando ben esperto, vin, algo lonxe, un fato de pantasma aldraxadas, que camiñaban polo monte, con grandes fachucos de palla encendidos, semellantes a borreas que unhas veces alumaban, e outras apagábanse co vento. Non me quedou dúbida: era a *compaña*...

Fínxelle a signal da crus, rezando pra que non pudesen chegar xunto de min; e despois dixen: «¡Que demo! si vén fará de min o que queira, pero tamén espantarán os lobos».

Por fortuna, ou desgracia, alonxouse, e perdémola de vista sin que ela nos vise.

Pechábanseme de novo os ollos e, rendido polo sono, arrimeí a cabeza a unha pedra, decíndolle antes ó can: «Non te dormas *Palomo*, asexá ben, pra avisar si hai perigo; pero non te metas ti solo na boca dos lobos.

Gardado polo millor dos amigos, que se sentou novamente ós meus pés, pra defendelos e quentalos; rendeume o sono e dormín.

¡Máis me valera estar esperto, porque logo corrín perigos, e pasáronme cousas tan espantabres que non me pasarían cos ollos abertos!